

Eón Hádico

Recibe o seu nome por [Hades](#), o deus dos infernos na mitoloxía grega, posto que o Terra durante o [Hádico](#) debía ter un aspecto infernal: Volcáns en erupción, asteroides golpeando sobre o planeta...

Comeza hai uns 4.600 millóns de anos, cando a Terra se individualiza como planeta, e remata hai uns 3.800 millóns de anos tras o [Gran Bombardeo Terminal](#), unha intensa [choiva de asteroides](#) que afectou a todo o planeta.



Neste eón fórmase a [Lúa](#) como consecuencia do impacto de [Tea](#), un asteroide de gran tamaño.

Tamén neste momento fórmanse a primeira litosfera, a primeira atmosfera, a primeira hidrosfera e os primeiros seres vivos.

Para ver [rochas](#) formadas durante o eón Hádico temos que viaxar a Groenlandia ou Australia. Os materiais [máis antigos](#) que conservamos na Terra teñen unha antigüidade de 4.400 millóns de anos e son circóns (resistatos) que foron erosionados de rochas máis antigas e se incorporaron despois a outras rochas. Podemos atopar estes circóns en rochas de [Australia](#).



A [atmosfera primitiva](#) era moi distinta da actual pero a diferenza máis importante é que non había osíxeno libre nela. Non poderíamos respirar se fixeramos unha viaxe no tempo para volver ao Hádico.

Non hai moita seguridade da idade dos restos máis antigos da actividade de seres vivos. Existen varios candidatos para ter semellante honor sendo os máis antigos uns rastros nunhas rochas de Canadá cunha antigüidade de 3.950 anos. Non son seres vivos senón posibles probas da súa existencia. Outros candidatos atópanse en Groenlandia ou Australia.

